

BASES DA BOLSA COOPERATIVA DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DE AROUSA NORTE.

1. INTRODUCCIÓN.

• DEFINICIÓN.

A Bolsa Cooperativa (BC de agora en diante) é un proxecto que pretende levar a cabo a Mancomunidade de municipios de Arousa Norte a través da Oficina de Fomento Cooperativo. Consiste nunha listaxe na que se poderán inscribir as persoas interesadas na creación dunha cooperativa. Esta bolsa será subdividida en **BOLSA DE SOCIOS OFERTANTES**, se son persoas que se ofrecen para formar unha cooperativa segundo a súa formación e experiencia, ou **BOLSA DE SOCIOS DEMANDANTES**, se o que se pretende é atopar a unha persoa que reúna uns determinados requisitos esixidos para a creación dunha determinada cooperativa.

A finalidade pretendida a través desta bolsa é que persoas cunhas ideas de negocio, formación e experiencia similar ou complementaria se poidan coñecer co fin de levar adiante o seu proxecto cooperativo.

O feito de participar na BC non compromete a ningún participante. En calquer momento pode solicitar a súa baixa na BC, e a consecuente eliminación dos seus datos. Ningún participante estará obrigado a poñerse en contacto con outro no caso de non estar interesado, e de facelo, a Oficina de Fomento Cooperativo non se responsabiliza da veracidade dos datos facilitados por cada participante.

• OBXECTIVOS.

- a. Detectar emprendedores potenciais, así como necesidades e oportunidades de negocio na comarca.
- b. Ofrecer a posibilidade de que persoas con ideas de negocio comúns se coñezan e poidan crear o seu posto de traballo na súa propia empresa, e a súa consecuente mellora de calidade de vida.
- c. Fomentar o autoemprego a través da fórmula cooperativa, encamiñada a satisfacer as necesidades dos seus socios e aspiracións económicas e sociais, grazas a unha estrutura e xestión democráticas.
- d. Facilitar a incorporación da xuventude e das mulleres en xeral ó terreo laboral, coa creación do seu propio posto de traballo.
- e. Impulsar proxectos cooperativos, formacións, adquisición de novas habilidades e o crecemento persoal e humanitario.
- f. Axudar a cubrir as necesidades económicas das persoas que non teñen un traballo estable ou un proxecto cooperativo o suficientemente consolidado para a seu autofinanciamento económico.
- g. Axudar á transición de cara unha economía social, baseada en empresas como cooperativas e sociedades laborais, nas que priman as persoas e o obxecto social fronte ó capital, a autoxestión democrática, os intereses dos seus membros e xeral, a autonomía e independencia dos poderes públicos, e a aplicación da maior parte dos seus excedentes na consecución de obxectivos a favor do

interese xeral, dos servizos ós seus membros e do desenvolvemento sostible.

- **ÁMBITO DA BC**

Esta Bolsa Cooperativa terá un ámbito comarcal, centrado especialmente nos concellos de A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo e Riveira, sen perxucio de que unha persoa fóra deste ámbito pretenda participar para poder formar parte de proxectos cooperativos que poidan ter lugar nos citados concellos.

- **SOCIO OFERTANTE (SO)**

É considerado como socio ofertante a persoa que ofrece os seus servizos, formación, experiencia profesional, as súas habilidades e o seu tempo, usando a BC para darse a coñecer e poder ser atopado por cooperativas xa existentes ou en vías de creación. Poderán apuntarse na BC todas as persoas, maiores de idade, que desexen formar parte dunha cooperativa, en calidade de socio traballador, socio de traballo ou socio colaborador, e será requisito indispensable cubrir o formulario de *solicitud de participación*, que poderán descargar a través do blog de emprego de Arousa Norte (arousanortemprego.wordpress.com), indicando que é **socio ofertante**, e aportando os suficientes datos para poder definir ao máximo o seu perfil profesional e mostrar o tipo de actividade que busca.

- **SOCIO DEMANDANTE (SD)**

É considerado como socio demandante aquela persoa ou colectivo que emprega a BC para atopar calquer tipo de socio, ou incluso recursos humanos, para unha idea concreta de negocio ou unha cooperativa en creación que precisa da incorporación dalgún socio para chegar ó número esixido por lei ou ó capital mínimo. Poden participar na BC todas as persoas, maiores de idade, que estean na procura de socios ou recursos humanos, e deberán cubrir o formulario de *solicitud de participación* que estará á súa disposición no blog citado anteriormente, indicando que é **socio demandante**, así como aportar os suficientes datos como para poder mostrar o tipo de perfil que se pretenda atopar.

2. FUNCIONAMENTO.

Cada participante, unha vez cuberto debidamente o formulario, faránolo chegar persoalmente á Oficina de Fomento Cooperativo da Mancomunidade de Arousa-Norte, sita na Praza de Galicia, s/n, 2º andar, de Boiro, ou mediante medios telemáticos, a través do número de fax 981 849 925, ou ben adxuntando o formulario nun correo electrónico dirixido á seguinte dirección: cooperativismo@arousa-norte.es, indicando en asunto "*bolsa cooperativa*". Unha vez que nos entregue a *solicitud* **estará aceptando participar na BC e consentirá** que nos poñamos en contacto con el/ela cando atopemos outro perfil similar na BC que poida encaixar co seu perfil/idea/proxecto.

- **CREACIÓN DA BC**

Unha vez recibido o formulario, o persoal da Oficina de Fomento Cooperativo comprobará que está debidamente cuberto, e de non ser así solicitará a información pertinente para poder esclarecer as dúbidas que se teñan ó respecto. Unha vez revisado, ou esclarecidas as dúbidas no seu caso, procederá ó seu almacenamento tanto físico, arquivando en carpetas, como telemático, a través dun ficheiro, do cal será responsable a Mancomunidade de Arousa Norte, para facilitar a procura de datos.

- **CRITERIOS DE ELECCIÓN DOS CANDIDATOS**

A Oficina de Fomento Cooperativo revisará cada formulario baixo os criterios de formación académica, experiencia profesional ou actividade da cooperativa que se pretenda, sempre e cando non existan outros datos que por parte do participante se pretendan resaltar.

- **CONTACTO ENTRE SO-SD**

Dende a Oficina de Fomento Cooperativo cotexarase a información dada por cada participante segundo se vaian recibindo os formularios, e comprobarase a existencia de similitudes, segundo os criterios citados anteriormente, con outros participantes xa rexistrados. Cada similitude apreciada nos participantes será posta en coñecemento a cada unha das partes interesadas. Este contacto establecerase entre a Oficina de Fomento Cooperativo e o participante a través de chamada telefónica ou correo electrónico, e sinalaranse as similitudes en materia de formación académica, experiencia profesional e actividade pretendida/buscada. En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, ningún dato será facilitado á outra parte sen o consentimento expreso do interesado. Unha vez se dé o consentimento por cada un dos interesados, a Oficina de Fomento Cooperativo procederá a cruzar os datos de contacto entre as partes.

3. VALORACIÓNS.

Cando sexa establecido un posible contacto entre dúas ou máis persoas participantes na BC, a Oficina de Fomento Cooperativo fará un seguemento do mesmo para comprobar o resultado e a posible viabilidade do proxecto cooperativo en cuestión, e no caso de éxito, potenciar e divulgar os valores cooperativos, facer un acompañamento do proxecto e dar o apoio necesario na creación da cooperativa.

4. COMPROMISOS DA MANCOMUNIDADE DE AROUSA NORTE

A oficina de fomento cooperativo da Mancomunidade de Arousa comprométese a archivar os datos e empregalos única e exclusivamente para os fins indicados nesta bolsa. Só poderán acceder ó arquivo dos datos o personal responsable do mesmo. Calquer participante da BC poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, dirixindo un escrito á Oficina de fomento cooperativo, Praza de Galicia s/n 15930 Boiro (A Coruña).

A BC estará en funcionamento mentras non se acorde a súa disolución por parte da Oficina de Fomento Cooperativo ou da Mancomunidade.

O propósito da BC rematará para cada participante cando se solicite de xeito expreso a súa baixa, sen perxuício de que a Oficina de Fomento Cooperativo se involucre en proxectos cooperativos viables fruto dela.